

## Premio dos Clubs de Lectura 2020 para Andrea Maceiras



Co gallo da celebración do Día do Libro, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, da consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, fai pública a Resolución de 23 de abril de 2020 pola que se recoñece a **Andrea Maceiras** co Premio dos Clubs de Lectura 2020.

Até o momento recibiron este galardón os escritores:

**Agustín FernándezPaz (2015),**

**Ledicia Costas (2016),**

**Miguelanxo Prado (2017),**

**Carlos Negro\_(2018) e**

**María Reimóndez (2019).**

**Andrea Maceiras** é unha das autoras máis seguidas polo lectorado infantil e xuvenil galego. A súa última novela, *Conta nove estrelas*, obtivo o Premio Lazarillo 2018. Na súa [web](#) podemos coñecer toda a súa traxectoria e todos os seus libros. Dous dos seus títulos, *O que sei do silencio* e *Europa express* están incluídos entre os 50 libros máis lidos nos Clubs de lectura no curso 2018/2019